

Dilemas xeracionais

de María Calvo Rodríguez

– Eses rapaces calan, ou que?

A velliña levou a man chea de engurras á cara, nun xesto lastimeiro. A filla mirou para ela con tenrura, e apoiou a súa man, aínda húmida de lavar a louza, con suavidade no seu ombro. A neta sacudiu un dos seus brazos fortes no ar restándolle importancia aos berros que se escoitaban dende a rúa, pero ergueuse con présa e foi mirar pola fiestra, tentando ver aos amigos de seu irmán, que ademais de teren sona de tolos, non estaban nada mal.

– Compráronlle coche a Xoel ...–murmurou coa sa envexa dos quince anos.

– Ai , filliña ... – dixo a avoa con claridade, a pesares de faltarlle xa máis dentes dos que tiña. – Cando eu era nova, todos camiñabamos. Non había cartos, nin necesidade, de mercarmos coches cada vez que cumpríamos anos.

– É que cumpro dezaeito, avoa! –Exclamou ultraxada, como se iso o explicara todo.

Súa nai lanzoulle unha mirada de advertencia, que quería dicir claramente que non se debía tratar así á avoa. A rapaza suspirou cansa e esforzouse por aparentar calma.

– Si, xa sei –dixo a velliña, coma se falara máis para si que para a súa neta– Todo cambia nesta vida –logo lembrou que a Carmiña, a súa amiga de toda a vida que morrera había uns días, xa non a enterraran, senón que a queimaran– ... e na outra tamén.

A neta mirouna coma se estivera medio tola e dirixiuse á nai impaciente.

– Poido baixar ver o coche?

A vella sorriu con tristura.